

A CGT de Ferrolterra apoia a concentración do xoves 21 en defensa dun transporte público e de calidade



Este vindeiro xoves, día 21, haberá unha nova concentración dos usuarios e usuarias da liña de buses Ferrol-A Coruña, que están sendo maltratados (non hai outra maneira de calificalo) polas decisións tomadas pola empresa Monbús, decisións que non se toman pensando no benestar dos usuarios/as, senón nos beneficios dos propietarios e accionistas da empresa.

Tamén cabe denunciar a actitude cómplice da Xunta do PP, que, tras adxudicarlle o servizo a Monbús, agora tolera que a empresa maltrate ós pasaxeiros e pasaxeirias, con situacións tan inaceptables como deixalos tirados de forma repetida.

O problema prexudica especialmente ás persoas que utilizan a liña, especialmente traballadores/as e estudantes, tanto da universidade como do ensino medio.

Esta situación vén sumarse ó penoso estado do transporte ferroviario entre a nosa comarca e A Coruña, que leva anos sometido a unha degradación consciente por parte dos diferentes gobernos.

Todo isto responde a un interese en fomentar o transporte individual fronte ó transporte colectivo, para así beneficiar ás grandes empresas, xa sexan as petroleiras, as automobilísticas ou os propietarios da AP-9, cuxa concesión foi prorrogada ilegalmente polo PP para que seguisen amasando cartos; algún día saberase a cambio de que, pero nolo podemos imaxinar.

A Confederación Xeral do Traballo chama a tódolos traballador@s e estudantes de Ferrolterra a acudir á concentración prevista para este xoves 21 ás 8 da tarde no edificio da Xunta. Basta de abusos das empresas privadas! Por un transporte público e de calidade ó servizo da cidadanía! CGT en Ferrolterra